



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA E DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE APROBAN AS BASES E SE CONVOCA O CONCURSO DE CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO ELABORADAS NO MARCO DO PROGRAMA NÓS TAMÉN CREAMOS! PARA O CURSO ACADÉMICO 2025/2026

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, así como de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Así mesmo, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que as autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino e que a Xunta de Galicia debe estimular as manifestacións culturais en lingua galega e contribuír ao fomento do libro en galego.

Por estes motivos, o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala a necesidade de aumentar o emprego do galego nas actividades complementarias e a Administración educativa procura fomentar o seu uso en distintos espazos e situacións de comunicación dos centros educativos, sobre todo a través da acción dos equipos de dinamización da lingua galega (EDLG).

Ademais, a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa inclúe o logro da competencia nas dúas linguas oficiais das comunidades autónomas con idioma propio como unha das finalidades da educación, xunto coa adquisición de coñecementos técnicos e artísticos que aseguren o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.

Así mesmo, a comunidade educativa é consciente de que as aprendizaxes lingüísticas se fan tamén fóra das aulas de lingua e da importancia que ten, para a adquisición do galego, tanto a lectura neste idioma como a motivación para usalo. Neste sentido, cómpre favorecer unha asociación positiva do alumnado coa lingua galega mediante a súa ligazón con actividades relacionadas coa cultura actual (audiovisual, TIC...) e tamén por medio da vinculación afectiva que dá o uso do idioma no tempo de lecer.

Ademais, a Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En consecuencia, a Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional





RESOLVEN:

Convocar o concurso de curtas de animación en galego no marco do programa Nós tamén creamos! para o curso académico 2025/2026, de acordo coas seguintes bases:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta disposición é convocar o concurso de curtas de animación en galego elaboradas seguindo as pautas do programa de dinamización lingüística Nós tamén creamos! e regular o procedemento para a súa concesión.

Nós tamén creamos! é un programa conxunto da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, en colaboración coa Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), que se realiza no marco do Plan Proxecta+. Os seus obxectivos buscan promover unha imaxe positiva e actual da lingua galega, favorecer o seu uso e aprendizaxe en novos ámbitos e formatos e dar a coñecer as opcións de ocio en galego que lles ofrece ás cativas e aos cativos a sección infantil do web da Televisión de Galicia.

Artigo 2. Características do concurso: categorías, dotación e recoñecemento

Establécense catro categorías para as que se outorga cadanseu premio:

- **Categoría 1:** destinada a curtas realizadas con alumnado do segundo ciclo de educación infantil
- **Categoría 2:** destinada a curtas realizadas con alumnado de primeiro e segundo de educación primaria
- **Categoría 3:** destinada a curtas realizadas con alumnado de terceiro e cuarto de educación primaria
- **Categoría 4:** destinada a curtas realizadas con alumnado de quinto e sexto de educación primaria

Poderá concederse, a xuízo da Comisión de Selección, un accésit para cada categoría.

Cada centro galardoado cun Primeiro Premio ou cun Accésit nunha destas categorías recibirá da Secretaría Xeral da Lingua un lote de libros, unha subscrición anual a unha plataforma con acceso aos libros, filmes e outros contidos dixitais en galego, un diploma acreditativo e mais un agasallo da CSAG.

O profesorado participante nas curtas premiadas recibirá da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional unha certificación de Primeiro Premio de Innovación Educativa para cada unha das categorías, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante. De ser o caso, o profesorado que participe nas curtas recoñecidas cun accésit recibirá unha certificación de Accésit.





As curtametraxes gañadoras e as demais participantes, no seu caso, serán emitidas e difundidas na sección infantil da Televisión de Galicia.

Artigo 3. Destinatarios

Participarán nesta convocatoria os centros de titularidade pública admitidos no programa Nós tamén creamos!, dentro do Plan Proxecta+ 2025-2026, convocado pola Resolución do 3 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta+ durante o curso 2025/2026.

Tamén poderán participar outros centros educativos de titularidade pública que non estean no Plan Proxecta+, que impartan ensinanzas de educación primaria e de segundo ciclo de educación infantil, e que soliciten a súa inscrición neste concurso.

Polo menos un mestre ou mestra de cada proxecto deberá formar parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O alumnado participante deberá pertencer a algún dos cursos correspondentes á categoría pola que se inscriben. En caso de alumnado procedente de distintos cursos, competirá na categoría que lles corresponda aos de máis idade do grupo.

Só se debe presentar unha solicitude por centro, cun límite mínimo de 1 docente participante e un máximo de 8. Cada centro poderá elaborar unha ou dúas curtas, para o que formarán un ou dous equipos, segundo o número de docentes implicados, que poderán traballar sobre o mesmo álbum ilustrado ou sobre álbums distintos.

Respecto das escolas unitarias, poderanse presentar de forma conxunta dúas ou máis que estean próximas, e funcionarán, para estes efectos, como un único centro.

Artigo 4. Solicitude de participación

Os centros de titularidade pública admitidos no programa Nós tamén creamos! do Plan Proxecta+ 2025/2026 quedarán inscritos de oficio no concurso, de maneira que non necesitarán presentar unha solicitude de participación.

Os outros centros de titularidade pública que non estean en Proxecta e que desexen participar deberán presentar a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante o procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>.

A solicitude presentaraa a dirección do centro; estará dirixida á Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e citará o Concurso Nós tamén creamos!, a categoría pola que concorre e o nome do centro.





Coa solicitude de participación achegaranse o anexo I (solicitude) e o anexo II (certificación da dirección coa relación do profesorado que participará de forma activa) que acompañan esta convocatoria debidamente cubertos.

Para a presentación electrónica poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365.

O prazo para solicitar a participación será dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Portal da lingua galega (a páxina web da Secretaría Xeral da Lingua: www.lingua.gal). Así mesmo, para os efectos da súa difusión, tamén se publicará no Portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicarán a relación de centros admitidos e excluídos no Portal da lingua galega e no Portal educativo, e comunicaranlles aos centros a aceptación da súa participación por correo electrónico.

Artigo 5. Material e asesoramento

Os centros inscritos no programa Nós tamén creamos do Plan Proxecta+ recibirán un lote de libros cuxos dereitos de autor de carácter patrimonial se lle ceden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para este programa. Este lote tamén se lles entregará aos demais centros admitidos no certame. Os equipos participantes deberán escoller un deles para basearen nel a curta que realicen co alumnado.

Cada un dos centros participantes recibirá un contrasinal de acceso a unha Plataforma de libros, filmes e outros contidos dixitais en galego, que lle permitirá ao alumnado acceder aos libros durante o curso 2025-2026.

Durante o proceso de creación das curtas, os centros non inscritos no programa do Plan Proxecta+ tamén contarán con asesoramento técnico e recibirán formación adaptada á temática da convocatoria, en relación coas competencias audiovisuais, tecnolóxicas, dixitais e lingüísticas e coas materias precisas (lingua, guión, iluminación, son) para elaborar unha curta en galego coa técnica *stop motion*. As consultas sobre cuestións técnicas poderán resolverse a través do seguinte enderezo electrónico: nostamencreamos@gmail.com.

Artigo 6. Características das curtametraxes

As curtametraxes que se presenten ao concurso serán unha adaptación cinematográfica de animación coa técnica *stop motion* dalgunha das obras literarias que se lles facilitaron aos centros participantes. As músicas, as imaxes e os efectos





sonoros que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para o fin educativo que se persegue.

As curtas realizaranse coa participación activa do alumnado en todas as fases de elaboración, participación que ha de acreditarse cun *making off* final, un arquivo anexo con fotografías ou calquera outra documentación que evidencie a intervención do alumnado ao longo do proceso.

As gravacións terán calidade DVD e unha duración máxima de 5 minutos (incluídos os títulos de crédito). O *making off* non computará no tempo establecido e presentarse nun arquivo á parte.

As curtametraxes incluírán un espazo de créditos finais no que recollerán o nome das persoas que participaron na súa creación (alumnado e profesorado). Engadirán, así mesmo, o logo dos equipos de dinamización da lingua galega, o da Xunta de Galicia e mais unha lenda que indique que esta curtametraxe foi elaborada ao abeiro do programa de dinamización lingüística Nós tamén creamos! con fins educativos. Esta lenda e os logos deberán manterse na difusión posterior da curta ou na presentación a outros certames.

En ningún caso as curtas poderán facerse públicas antes da resolución do concurso.

Todos os dereitos de autor de carácter patrimonial derivados da reelaboración da curtametraxe corresponderanlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Artigo 7. Envío das curtametraxes

As curtas enviaranse a través de We Transfer ou Google Drive ao seguinte enderezo electrónico: sxpl.planificacion@xunta.gal. A dispoñibilidade de descarga nestes repositorios estará garantida durante 15 días como mínimo.

Os centros que participan na modalidade libre enviarán o anexo III (documento coa ligazón de descarga), que acompaña esta convocatoria, debidamente cuberto. Presentarano na sede electrónica da Xunta de Galicia como «achega de documentación complementaria» do expediente da solicitude orixinal (PR004A), sen necesidade de crear un novo expediente.

Pola súa banda, os centros que participan no marco do programa do Plan Proxecta+ enviarán os tres anexos (I, II e III) do mesmo modo indicado no artigo 4 para presentar a solicitude de participación.

Artigo 8. Prazo de entrega das curtametraxes

O prazo para enviar as curtas elaboradas no marco do programa Nós tamén creamos! Rematará o 30 de abril de 2026.





Artigo 9. Comisión de selección

Para a selección das curtametraxes crearase unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou a persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

- Unha persoa asesora técnica designada pola Secretaría Xeral da Lingua
- Unha persoa asesora técnica designada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
- A persoa coordinadora central dos equipos de dinamización da lingua galega
- Unha persoa representante da CSAG
- Unha persoa representante da empresa editora
- Un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral da Lingua, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles proxectos que coide pertinentes.

Artigo 10. Criterios de valoración

A Comisión de Selección terá en conta os seguintes criterios:

- Calidade lingüística, expresividade e interpretación na curtametraxe
- Orixinalidade, creatividade e innovación da curtametraxe
- Calidade técnica, estética e artística da curtametraxe

Artigo 11. Resolución

Logo de analizar os traballos presentados, a Comisión de Selección emitirá a proposta de resolución dirixida ás persoas titulares da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

A resolución conxunta destas entidades publicárase no Portal da lingua galega (www.lingua.gal) e no Portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) no prazo máximo de 1 mes contado desde a data de entrega fixada no artigo 8. De non facelo así, as persoas solicitantes deberán entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 12. Difusión das experiencias e dos materiais elaborados

Os traballos premiados —e todos os presentados, no seu caso— serán publicados na pestana Nós tamén creamos! da sección infantil do web da CSAG (<http://www.crtvg.es/infantil>) e poderán ser difundidos en diversos programas da cadea. Tamén poderán difundilos a Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa nos seus webs ou plataformas dixitais de





comunicación. Un dos centros galardoados cun Primeiro Premio en calquera das categorías poderá participar, de ser o caso, nunha xornada do Festival de Cans.

A presentación a esta convocatoria implicará para os centros premiados a colaboración en todas as accións de difusión que se organicen, así como a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial en favor dos organismos que convocan.

De ser o caso, en todas as accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con esta convocatoria e coas curtametraxes de animación que se realicen ao abeiro dela farase constar a colaboración das partes nun lugar destacado e utilizaranse, cando proceda, os logos de cada unha das entidades participantes de acordo coa normativa actual de identidade corporativa.

Artigo 13. Protección de datos

No desenvolvemento desta convocatoria respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06.12.2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Lingua

A directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

